

As cousas da nosa escola

*17 DE MAIO DE 2008
DÍA DAS LETRAS GALEGAS*



*Xosé Mª Álvarez
Blázquez
(1915-1985)*

SUMARIO

<i>SUMARIO</i>	1
<i>EDITORIAL</i>	2
<i>AS NOSAS FESTAS</i>	3-6
<i>PREMIOS LITERARIOS</i>	7
<i>FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS</i>	8-9
<i>COLABORACIÓNS:</i>	
<i>EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS</i>	10-12
<i>EDUCACIÓN INFANTIL 4 E 5 ANOS</i>	13-16
<i>1º DE PRIMARIA</i>	17-19
<i>2º DE PRIMARIA</i>	20-24
<i>3º DE PRIMARIA</i>	25-30
<i>4º DE PRIMARIA</i>	31-35
<i>5º DE PRIMARIA</i>	36
<i>6º DE PRIMARIA</i>	37-38
<i>TRABALLOS E ACTIVIDADES</i>	39-40
<i>SIMULACRO DE EVACUACIÓN</i>	41
<i>AS NOSAS EXCURSIÓNS</i>	42-43
<i>ATLETISMO ESCOLAR</i>	44-47
<i>AGRADECEMENTOS</i>	48

EDITORIAL

Antes de nada quero agradecervos a vosa masiva participación nas eleccións celebradas con motivo da aprobación da xornada continuada. Xa sei que estamos todavía nun período de rodaxe, pero as melloras substanciais que estamos a notar, fannos crer, cada día máis, neste paso tan importante que dimos entre todas e todos, tentando sempre o mellor para os nosos pequenos.

Non cabe dúbida de que os maiores logros verémolos a longo prazo, sen embargo, os beneficios acadados ata o momento dannos a seguranza de que estamos no bo camiño, e de que fixemos a mellor elección ao transformar o noso colexio nun auténtico referente a nivel educativo. Un centro do século XXI.

Neste nº 3 do noso xornal: "AS COUSAS DA NOSA ESCOLA" amosamos unha pequena mostra das actividades e traballos en que participamos con ilusión docentes e alumnos/as ao longo do curso e que serviron para fomentar o compañeirismo e a solidariedade que intentamos inculcar a diario na nosa labor docente, xa que serán os cimentos para que estas futuras xeracións, constrúan unha sociedade cada vez máis xusta e democrática.

Este ano, o día das LETRAS GALEGAS dedicouse a "XOSÉ M^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ", do que dimos constancia no noso Festival conmemorativo que celebramos o día 16 de maio e do cal facemos, de seguido, unha breve reseña para coñecer un pouco os aspectos que levaron a que este ano se lle adicase o día máis importante das nosas letras.

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ
BLÁZQUEZ



Xosé María Álvarez Blázquez naceu en Tui o 4 de febreiro de 1915, terceiro dos seis fillos, todos homes, do médico pontevedrés Darío Álvarez Limeses e de María Blázquez Ballester.

Contra 1930, Xosé María publica os seus primeiros poemas en xornais de Pontevedra e Tui, e en 1931 empeza estudos de Maxisterio.

En 1949 publica co seu irmán Emilio o libro *Poemas de ti e de min*, e é nomeado membro da Real Academia Galega e Comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo. Ó ano seguinte funda, con Viñas Cortegoso, a Editorial Monterrey, e publica nela o belísimo libro de poemas *Roseira do teu mencer*, dedicado á súa filla Colorín.

En 1976 é nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo e xa en 1960 publicará as case seiscentas densas páxinas do libro *La ciudad y los días*.



En 1983, pecha simbolicamente a candidatura do Partido Galeguista nas eleccións municipais de Vigo.

O 2 de marzo de 1985 morre en Vigo, por culpa da afección cardíaca que padecía desde había anos.

As persoas que colaboramos directa ou indirectamente na confección e edición do presente xornal desexámovos, con todo o cariño, que distrutedes con cada páxina.

AS NOSAS FESTAS

O magosto

O día 9 de novembro, e contando coa colaboración de todos e todas, celebramos unha gran festa. Durante case todo o mes, mantivemos varias exposicións alusivas e confeccionamos diferentes murais. Organizamos xogos coa castaña como protagonista e logo do clásico partido entre alumnos e mestres, dímonos una enchenta deste exquisito froito.



O nadal


Como todos os anos celebramos o Festival de Nadal ó redor do noso nacemento. O alumnado interpretou obras de teatro, así como diversas panxoliñas. Realizamos un concurso de Postais de Nadal, e recibimos a visita de Papá Noel. Unha comida para todos: alumnos e profesores, servíu como colofón a esta festividade tan entrañábel.



O día da paz

Moitos carteis coas cualificacións das boas e malas intencións, encheron os accesos aos corredores e aulas.

Na polideportiva de A Silva levamos a cabo os xogos cooperativos que cada ano serven para fomentar o compañeirismo e a participación colectiva de maiores e pequenos.



O entroido



O día 30 de xaneiro tivo lugar unha degustación de produtos típicos destas datas. Entre outros poidemos degustar: filloas, orellas rosquillas, biscoitos...Este ano non sobrou nada. Notouse que ao celebrarse en sesión de mañá, había moita máis fame.

O día 1 de febreiro celebramos o festival de disfraces do que aquí amosamos, somentes, unha pequena mostra.



PREMIOS LITERARIOS

PREMIOS ESCOLARES 2008

" CONCELLO DE CERCEDA "

DÍA DO LIBRO

Traballos colectivos

1. **PRIMEIRA CATEGORÍA Educación Infantil:**
 - 1º PREMIO: "Teño 2 mans" (Ed. Infantil 3 anos)
2. **SEGUNDA CATEGORÍA 1º e 2º de Primaria:**
 - 2º PREMIO: "Os mobles que falan" (1º de PRIMARIA)
3. **TERCEIRA CATEGORÍA 3º e 4º de Primaria**
 - 1º PREMIO: "Queremos saber" (3º de PRIMARIA)
 - 2º PREMIO: "Aventuras dun neno en Cerceda" (4º de PRIMARIA)
4. **CUARTA CATEGORÍA 5º e 6º de Primaria:**
 - 1º PREMIO: "A prehistoria" (6º de PRIMARIA)
 - 3º PREMIO: "Que saques buenas notas" (5º de PRIMARIA)

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Traballos individuais

1. **PRIMEIRA CATEGORÍA Educación Infantil:**
 - 2º PREMIO: "O oso meloso"
 - AUTORA: Thais Ramilo Amor (Ed. Infantil 5 anos)
2. **SEGUNDA CATEGORÍA 1º e 2º de Primaria:**
 - 2º PREMIO: "O burro gafotas"
 - AUTORA: Andrea Dubra Añón (2º de PRIMARIA)
3. **TERCEIRA CATEGORÍA 3º e 4º de Primaria:**
 - 1º PREMIO: "Carraspín e o seu ordenador fantástico"
 - AUTOR: Jónathan Bértoa Pallas (3º de PRIMARIA)
 - 3º PREMIO: "O neno que ten piollos"
 - AUTORA: Esmeralda Costa Rodríguez (4º de PRIMARIA)
4. **CUARTA CATEGORÍA 5º e 6º de Primaria:**
 - 1º PREMIO: "O avó"
 - AUTOR: Marco Nicólli Becerra (6º de PRIMARIA)
 - 3º PREMIO: "Lucas, o rato Pérez e Daniel o traveso"
 - AUTOR: Miguel Loureiro Ameijenda (6º de PRIMARIA)

FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS

O día 16 de maio celebramos o Festival das Letras Galegas. Previamente, tivo lugar a entrega dos premios aos traballos galardonados no certame literario patrocinado polo Concello.

Este ano, o emprego de medios audiovisuais, a participación activa do profesorado, así como as maxistrais postas en escena, entre as que non faltou unha réplica do Chiquilicuatre, fixeron do Festival, un dos mellores dos derradeiros anos.

Se a isto engadimos a presentación que bordaron Pepe e Isabel, non se pode pedir máis.





COLABORACIONES

Educación infantil 3 años

LOS NIÑOS/AS DE 3 AÑOS INVESTIGAN SOBRE AS...

FLORES





E TAMÉN INVESTIGAMOS COMO SER AXODANTES DAS...

AMBULANCIAS

¡¡¡NI NO NI NO !!!



Educación infantil 4 e 5 anos

PLANTAS

Educación
Infantil

4 - 5 Anos

SILVESTRES

ORTIGA

- TAMÉN SE CHAMA ESTRUGA.
- TEN FLORES PEQUENAS.
- AS FLORES UTILIZANSE PARA REMEDIOS MEDICINAIS.
- TEN FOLLAS OVALADAS, RUGOSAS DENTADAS E CUBERTAS DE PELOS.
- ESTOS PELOS TÊM UNHAS AMPLAS CHEAS D'UNHA SUSTANZIA QUE O TOCALA PICACHE MOITO A PEL.



MARTÍN

CANTROXO

- TEN FOLLAS ESTREITAS E ALCONGADAS.
- TEN FLORES MORADAS EN FORMA DE ESPIGA E SON MOI OLOSOSAS.
- O SEU ACEITE UTILIZASE PARA PERFUMAR A AUGA SUAVIZAR A PEL.
- O MEL DE CANTROXO É MOI DOCE.
- PODE MEDIR ATA UN METRO DE ALTURA.



SORAYA

CARDO

- TEN FOLLAS GRANDES E ESPITAS.
- TEN FLORES DECOR ROSA.
- O SEU NERVIO CENTRAL É COMESTIBLE E COCÍANSE COMO UNHA VERDURA.
- O CARDO ESTA NOS PRADOS HÚMIDOS, PANTANOS OU BEIRAS.
- TEN UNHAS RAÍCES PROFUNDAS.



THAÏS

DENTE DE LEÓN

- TAMÉN SE CHAMA TARAXACO OU PACIPORCA.
- AS SUAS FLORES SON AMARELAS.
- TEN PROPIEDADES MEDICINAIS.
- A PARTE TERRA DAS FOLLAS UTILIZASE NAS ENSALADAS.
- TEN AS FOLLAS DENTADAS.
- AS ABELLAS ALIMENTANSE DO SEU NECTAR.



MARCO

XESTA

- TEN AS FOLHAS LONGAS E DELGADAS.
- TEN POUCAS FOLHAS E ESTAS SON PEG-VENAS.
- AS FLORES SON AMARELAS E MOI PERFUMADAS.
- PODE CHEGAR A MEDIR TRES METROS.
- FLORECE DE ABRIL A AGOSTO.

TATIANA



LOUREIRO

- TAMEN SE CHAMA LOURO.
- TEN UN FRUTO COMO O DE UMA OLIVA PEQUENA.
- UTILIZASE NA COZINHA COMO CONDIMENTO.
- FACILITA A DIXESTION DOS ALIMENTOS.
- CANDO SE ROMPEN, AS FOLLAS BOTAN UN AROMA AGRAPABLE.

BRAIS

MURAL



4 ANOS



ALELI

FENTO

- TAMÉN SE CHAMA FIETO.
- TEN UNHAS FOLLAS GRANDES QUE ESTAN COMPOSTAS POR FOLLAS TRIANGULARES RIZADAS.

- TEN FOLLAS ALONGADAS DE COR VERDE CLARA.
- TEN FLORES OLPOSAS QUE SE UTILIZAN COMO ADORNO.
- AS FLORES PODEN SER DE VARIAS CORES.
- MEDRA NORMALMTE PRED DE MUROS E ROCAS, EN LUGARES SECOS.

- NON TEN FLORES.

- MEDRAN EN LUGARES MONTAÑOSOS, HÚMIDOS E OSCUROS.

SAMUEL



IVANG.

TOMIÑO

- E UNHA PLANTA CON FOLLAS PEQUENAS E OLOROSAS
- AS FLORES SON BRANCAS OU ROSACEAS.
- UTILÍZASE PARA FACER PERFUMES.
- A INFUSION DE TOMIÑO É BOA PARA A TOSE E AYUDA A ABRIR O APETITO.
- NA COCIÑA ÚSASE COMO CONDIMENTO
- MEDRA EN TERREOS ROCOSOS E A PLENO SOL.

IVAN P.

ROMEU

ELISA

- TEN FOLLAS PEQUENAS, LINEARES E DURAS.
- TEN FLORES PEQUENAS DE COR ENTRE AZUL E VIOLETA
- A INFUSION DE ROMEU ALIUA A TOSE.
- AS SUAS FOLLAS USANSE COMO CONDIMENTO NALGUNOS GUIZOS.
- TEN UN OLOR MOI AGRADABLE.

LAURA



ANA

MIGUEL



English CLASSROOM


Hello!

4 YEARS

Commands



CLAP YOUR HANDS



STAND UP



RUN



JUMP




HERE YOU ARE

THANK YOU



OPEN THE WINDOW



CLOSE THE DOOR



SIT DOWN



Goodbye!


1º de primaria

OS MOBLES QUE FALAN

AUTORES: alumnos de 1º

C.E.I.P. "A SILVA"

Houbo unha vez unha cama que falaba e o matrimonio que durmía nela non o sabía



Un día a cama díxolle ao home:

— Por que durmes envilecido min?

Que é eso? Preguntou o home



Respondéronlle:

Son eu a túa cama!

O home saiu correndo da casa xa que estaba moi asustado.



Cando el marchou todos os mobles fixeron unha festa

Máis tarde chegou a muller e encontrouse con todos falando.



Entón saín en busca dos
seus veciños para que os
viran. Pero ao chegar os
móbles estaban quietos,
cada un no seu sitio
e sen falar.




Daquela os veciños non lle
crearon pero decidiron observar
caladinos para ver que pa-
saba.




7
Pasado un rato, todos entraron des-
pacio e encontráronse coa festa.
Quedaron moi sorprendidos



8
Despois chegou o home
e a muller explicoulle o
que pasara e decidiron falar
cos móbles e chegar a un
acordo con eles.






9
Decidiron que se os donos
coidaban ben dos mobles,
estes faríanlle as cousas
da casa como limpar e
planchar. Dende ese
momento todos foron
máis felices.




2º de primaria

A casa máscica











Os fracos, os armarios, as mesas, as cadeiras e todas as outras cousas comezaron a moverse. A bruxa, toda enfadada, marchou da casa.



Os nenos á ver que a bruxa saía da casa, decidiron entrar cos seus pais. Dentro, as cousas movíanse moito.




A nena entrou de primeira. Ajustouse e disse:
- Quietos!
Todas as coisas deixaram de moverse.







E a família ficou a viver ali e as coisas
acreditam-se todos os dias nas tarefas da casa.

3º de primaria



EL RELATO QUE TENÉIS
AQUÍ TRATA SOBRE NUESTRAS
RESPUESTAS A UNAS
PREGUNTAS QUE NOS
HACEMOS MUCHAS VECES.
COMO CADA UNO FUE
DANDO RESPUESTAS DIS-
TINTAS, DECIDIAMOS
BUSCAR INFORMACIÓN EN
LIBROS, REVISTAS, INTER-
NET Y AQUÍ ESTÁ LO QUE
ENCONTRAMOS.



¿POR QUÉ LAS NIÑAS SIEMPRE JUEGAN A SER MAMÁS?



- Porque le encanta mimar a los niños
- Para aprender para cuando sean mayores
- Para limpiar las "lindas coquitas"

Los niños ya no se divierten con muñecas. Mónica Stilmann, educadora y psicoanalista cree que se trata de un cambio de hábitos de juegos causado por una modificación en los valores sociales. Las niñas ya no juegan a ser madres como antes si no a ser adolescentes. Por eso se venden más las figuras que representan a jóvenes atractivas y provocativas como la Barbie, y menos las que tienen forma de bebé.


¿POR QUÉ A LAS NIÑAS SIEMPRE
LAS VESTIMOS DE ROSA CUANDO
NACEN?



- Porque el color rosa es el color de "las pijas".
- Porque el rosa favorece.
- Porque no le han regalado ropa de otro color.

El rosa es un color poético por excelencia, femenino casi por completo y con significado universal, es decir, el significado de este color es casi el mismo en todo el mundo y en todas las culturas. Es el color de la candidez y la inocencia, del encanto y la cortesía. El rosa representa la ingenuidad, la bondad, la ternura, el buen sentimiento, la ausencia de todo mal, la dulzura, valores asociados al sexo femenino.

¿ Por qué los niños siempre juegan al fútbol?



Porque les gusta.

Porque se creen que son muy buenos y así se chislean.

Porque así pueden hacerse famosos y multimillonarios.

La infancia es una etapa vital en la que no existen obligaciones ni responsabilidades. La diversión y el ocio son el eje central de la actividad infantil. La publicidad hace una diferenciación clara de los papeles masculinos y femeninos. Los niños de los anuncios. Son traviesos, inquietos, alborotadores, rebeldes y hasta violentos. Por eso el fútbol es el juego perfecto para canalizar toda su energía. Es el juego de la velocidad, la competición, la "rigurosidad futura".

¿POR QUÉ A LOS NIÑOS SIEMPRE LOS VESTIMOS DE AZUL CUANDO NACEN?



Porque a las mamás les gusta mucho el color azul.


Para que queden mas guapos en las fotos.

Porque los pitufos también son azules.

Porque en la antigüedad el color azul representaba la lealtad, la confianza, la sabiduría, la inteligencia, la verdad, la eternidad, el conocimiento, la integridad, la seguridad, el conocimiento, la integridad, la seguridad, el poder, la responsabilidad, valores todos ellos asociados al género masculino.

NOSOTROS, LOS
ALUMNOS DE 3^º DE PRIMARIA
PRIMARIA DEL
CEIP CELSO
EMILIO FERREIRO
DESCUBRIMOS
TODAS ESTAS
COSAS. ESPEREMOS
QUE OS HAYA
SERVIDO DE
ALGO. FIN

4º de primaria



Aventuras e desventuras dun neno en Cerceda

O neno do noso conto chamábase Anxo, e vivía nunha das seis parroquias do Concello de Cerceda coñecida por todo o mundo co nome de Ercobas.

Anxo era moi, pero moi aventureiro e nas vacacións, sempre que podía, saía da casa en busca de aventuras. Anxo collía a súa bici e púñase a pedalear buscando sempre diferentes lugares do concello. Saía da casa coa ilusión de atopar cousas interesantes ou diferentes persoas coas que conversar.

A cousa é que sempre que saía da casa vivía aventuras: algunhas moi divertidas e outras moi amiscadas. Neste conto imos decirvos o que lle pasou a Anxo nas súas viaxes polo Concello.

Capítulo 1. - Do que pasou nas Encrobas

Ó principio, Anxo vivía cos seus pais en Andalucía. Cando chegaron a Cerceda foron visitar as distintas localidades do Concello. A primeira parroquia que víron foi a das Encrobas e a Anxo pareceulle moi bonita porque había moitas casas e tamén había un río con moitos, moitísimos peixes. ¡Ata víron neste paseando!

Seu pai dírolle que se querían podían vivir alí porque había unha leira que se vendía. Foron os tres a ver a leira que se vendía (Anxo, seu pai e máis súa nai) e gustoulles moito. Mercárona e fixéron alí unha casa.

Mudáronse para a casa nova e leraron con eles a un tío de Anxo que sempre estaba borracho e querían coidar del. Pero un día o seu tío estaba moi pero que moi borracho e púen des lume

na casa e neste incendio morreron os pais de Anxo. O neno salvouse. E como lle morreron os pais, mudouse a casa dos avós, que vivían en Radís, e nunca máis quixo volver as Encrobas.

Capítulo 2. Do que pasou en Radís.

Radís era unha parroquia moi bonita e unha zona agrícola e hai moitos animais. Alí hai casas bastante antigas e a maioría delas son de pedra.

A igrexa é moi grande e fermosa. É un lugar onde hai poucos rapaces e moitos anciás. Radís ten unha escola un pouco antiga.

Pero tamén hai un río, o río Viveiro, e Anxo un día colleu a súa bicicleta e foi ver o río.

Entretido alí, quedou pensando por un anaco e mirando para os peixes de

cores con manchas verdes, azuis e vermellas. Recostouse nunha árbore, e pensando, pensando, quedouse dormido. Mentristanto, veu un rapaz e colleulle a bicicleta e levoulla.

Cando Anxo despertou botouse a andar por un camiño e chegou ata unha fonte. - ¡ Que sorte teño! - pensou, porque tiña moita sede.

Pero non puido beber, porque na auga da fonte había moitos peixes.

Anxo chegou, por fin, a súa casa sen bicicleta. Sabía que a súa avoa íalle berrar moito, e tería que prometerlle que o día seguinte, polo día iría outra vez o mesmo sitio para ver se a atopaba.

Capítulo 3 - Do que lle pasou na Silva

Pola mañá facía moito calor e Anxo pensou en poñer o barbadizo e tirarse na

fonte da Silva que está no medio do pobo. Saiu da casa e achegouse o parque. Alí atopou outro rapaz e puxéronse a xogar a ver quen baixaba máis rápido polas cascadas pequenas. Despois, subiron e se puxeron encima dos aspersores que botan a auga cara o ceo, e de repente o aspersor púxose a botar auga con tanta forza que os nenos saltaron moi, pero moi alto e caeron encima da árbore que está o lado dos columpios.

Capítulo 4 - Do que lle pasou en Xesteda:

Anxo e maíla súa bici ían recorrendo a parroquia de Xesteda e despois de moito recorrer chegou a veira dun río. Alí había unha pedra moi, moi, pero que requete moi grande. Anxo púxose a matinar cómo podía pasar sen



deixar a bici atrás.

- Se pille unha liana dunha árbore- pensou- pero a liana non va poder con tres os dous.

- Se xunto catro lianas, ó mellor podra con nos os dous- volveu a matinar.

E así, Anxo probou a facelo: atoua bici con rudo e agarrouse moi forte. Así foi como Anxo e a súa bicicleta cruzaron polos aires o río da Silva. Lanzouse con tanta forza que aínda hoxe están os dous viaxando polo aire, vendo os lugares que existen fora do noso concello, e aínda non aterraron.

Pero Anxo non ten problema, porque vai montado na súa bici, e cando bairven á terra firme sabe que vai darlle os pedais sen parar ata que chegue de volta a casa dos seus avós. Alí, contarralle á familia o que lle aconteceu

nas súas maravillosas viaxes.

FIN

Traballo colectivo feito polos alumnos e alumnas de 4º curso de Educación Primaria do colexio "Celso Emilio Ferreiro".

A Silva, Abril 2008

3º categoría



ACRÓSTICO DE LA CAMPANA

Cómo me gusta escuchar

Amigo, las campanitas

Me hacen soñar y pensar

Por las mañanitas,

A la hora de despertar

Nos tocan las campanitas

Antes de bailar.



5º de primaria

5º PRIMARIA

OS NÓSOS TRABALLOS

DIA DA BIBLIOTECA

Con motivo do día da Biblioteca fixemos un mural co título "A Biblioteca do noso colexio" Que temos? Que faremos?



PROXECTO LECTOR

O longo deste curso iniciamos en plan experimental o Proxecto Lector. En Lingua Galega con poesía "OS SOTOS na gaiola" e en Lingua Castelá con prosa Platero y yo.



SEMANA DA PRENSA



Nestes días que dedicamos á prensa fixemos un mural co lema "A PRENSA UNHA VENTÁ QUE NOS DEIXA VER O MUNDO".

MES DOS MAIOS

Este ano decidimos investigar un pouco sobre a festa dos Maíos, que se celebra en varios pobos de Galicia para festejar a chegada da primavera. Este é o maio que nos fixemos.



6º de primaria

LUCAS O RATO PERÉZ E DANIEL O TRAVESO



Había unha vez fai moito tempo nunha aldea chamada Valverde, vivía un rapaz moi traveso chamado Daniel. Facía tantas trasnadas que a súa nai víñanlle ganas de levalo para un colexio internado, pero nunca o fixo.

Un día cando viña da escola de regreso a casa atopouse coa súa veciña Dosinda e como é habitual nel ocorréselle facerlle unha pequena trasnada díxolle que se lle escapaban as vacas, ela marchou a fume de carozo cara o prado, mentres que Daniel se escachaba de risa.

Dosinda foi falar coa nai de Daniel para que tomara medidas o pai e a nai decidiron levalo para o colexio internado. Marcharía unha temporiña ata que se calmara. Era luns, el marcharía o martes.

Pero el como sempre, logrou escapar do coche e chegar a casa.



Ao día seguinte todo era igual excepto que a nai tivera que ir buscar a Daniel ao colexio, porque se metera con un rapaz mais vello ca el, o rapaz déralle un puñetazo e partíralle un dente.


Ao pouco rato el xa estaba contento porque lle ía vir o rato pérez e íalle deixar un regalo. Xa era noite e Daniel xa puxera o dente debaixo da almofada. Cando Daniel xa durmía chegou o rato pérez.

Había un problema o rato pérez sabía o comportamento de Daniel o único que lle trouxera foran un libro de coñecemento do medio para que estudiara e tamén unha enciclopedia do comportamento, deixoulle escrito nunha nota que poñía: cando te portes mal eu virei a correxir os teus faios.



Un día tras outro Daniel cometía erros e o rato víñalle axudar así ata que Daniel se converteu nun rapaz normal.

FIN



Había unha vez nunha aldea de Galicia un avó que aínda que foi pouco a escola, aprendeu a leer. Era un home que lia moito, case todo o que atopaba, por iso sabía de todo, sabía dar unha explicación case de todo o que acontecera. Pasou o tempo e na súa casa un neno nacéu. O neno sempre vía o avo leer calquera cousa e lialle o neno historias e cantos; por iso o neno cría ir a escola para aprender a leer e saber como o seu avó. O neno ó empezar a leer decatouse que o avó e el lian diferente el en galego e o avo en castelán. E el preguntoulle,

Marco Nicolás Becerra

Por que les diferente có min?
O avó emocionouse e respostou:
Cando eu era como ti estaba prohibido falar galego en España e por iso non sei ler en galego. Que che parece se cando veña da escola e faga os deberes che ensine a leer e escribir, o avó aceptou. Pouco a pouco e todos os días o avó aprendeu a leer na súa lingua nai. O neno ó fin e ó cabo sentiase ben por axudar o avó. Pasaron os anos e o avó xa non estaba e chegou as mans do neno un libro donde explicaba todo daqueles anos tan lonxanos que lle explicara o avo. Isto vai dedicado a todos os avós que co seu exemplo ensinaron os seus netos que a lectura é moi importante.

TRABALLOS E ACTIVIDADES

Aquí podes observar unha mínima parte dos traballos colectivos e actividades realizadas durante o presente curso.











SIMULACRO DE EVACUACIÓN

Tal como se prioriza no plan de emerxencia procedíuse a desaloxar o antes posíbel as aulas de Educación Infantil, así como o ximnasio e as aulas de P.T. e informática ubicadas, estas dúas últimas, anexas ao edificio principal.

O tempo real da evacuación foi contabilizado polo xefe de bombeiros.

-  11:22 Faise soar a alarma procedéndose a desconectar as tomas de gas e electricidade.
-  11:22: Chamada ao 112.
-  11:32: Chegada da Policía Local.
-  11:35: Chegada de Protección Civil.
-  11:39 Remata a evacuación.
-  11:40 Chamada ao 112, dando por rematada a intervención.




AS NOSAS EXCURSIÓNS

Aparte das xa clásicas saídas a concertos didácticos e representacións teatrais, a excursión longa realizámola a Cabeza de Manzaneda.

Este ano, na excursión de fin de curso acudimos á Granxa Escola “O Sendeiro” en Abegondo.





ATLETISMO ESCOLAR

Oito anos leva o atletismo no noso Centro, e moitos son os alumnos/as que pasaron e que seguen a pasar por algunha das disciplinas deste deporte milenario que lles ensina moitas cousas. Deporte éste que NON surdiu coa idea de “buscar campións” senón coa de ser unha actividade que procura a AUTOSUPERACIÓN. Si, iso que dín de aprender a superar as propias limitacións que deixan de ser tales cando se superan co esforzo. Así, recordemos os casos de dous rapaces regordechos e con cualidades físicas pouco destacables chamados Rubén Becerra e Ana Domínguez, que cando no ano 2000 empezaron no atletismo non gañaban máis ca resfriados nas competicións. Pero 7 anos despois, coas súas gañas e moito esforzo, acadaron representar a Galicia nuns campionatos de España en Murcia e Xaén, quedando entre os máis destacados. Conclusión: “cada alumno/a que se apunta a atletismo chegará onde él ou ela se propoñan” Uns só querran pasalo tempo, outros adelgazar (ou non engordar), outros obter saúde ou máis amigos/as, e outros chegar a unhas olimpíadas. Motivacións diferentes pero TODAS VÁLIDAS NO NOSO ATLETISMO.

A continuación repasaremos algunhas das nosas participacións en competicións:

[-I ºCROS CORTE INGLÉS](#) (Santiago-24-11-2007):



3 medallas individuais mais un trofeo por equipos, destacando a Esmeralda Costa no seu debut.

[-II ºCROS CORTE INGLÉS](#) (Santiago-24-11-2007):



-CAMPO A TRAVÉS DE TOURO (14-12-2007):



6 medallas en total.



-1ª COMPOSTELA CUPS PISTAS DE NOIA (22-12-2007):



Non tocou a lotería ese día pero...22 medallas e o gran debut de algúns que vedes.

-2ª COMPOSTELA CUPS PISTAS DE NOIA (02-02-2008):



¡Nada menos que 30 medallas para Atlética!

-CAMPIONATO GALEGO PISTA CUBERTA (Febreiro 2008):



Esmeralda debuta en peso con unha medalla e Iria toma contacto cos 500 metros.

-COMPOSTELA CUPS EN RUTA NA SILVA (08-03-2008):



Boa organización a cargo de Atletica A Silva coa inestimable colaboración de DIST-RE PIÑEIRO, que sempre se brinda a botarnos dúas mans, e a colaboura do Concello de Cerceda.

-CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGOS ESCOLARES (MAIO E XUÑO 2008):





-OS PAIS E PROFES...tamén acadaron algún que outro metalillo neste curso:



Campionatos de España Oviedo.



Campionatos Galegos Riazor.



Campionato de España de Combinadas Cartagena.

**¡POLO DE AGORA 153 MEDALLAS ENTRE
TODOS!**

AGRADECEMENTOS

Grazas a todos e todas, tanto ás **PERSOAS** como ás **INSTITUCIÓNS** e ás **EMPRESAS** que colaboraron connosco ao longo deste curso 2007/2008.

Á empresa **DIST-RE PIÑEIRO S.L.**. Especialmente, a **MARÍA e SILVIA**, pola súa dedicación constante e, así mesmo, pola inestimábel axuda que nos prestaron na realización das máis variadas actividades.

Ao noso benquerido **ALBERTO**, sen cuxa colaboración o centro atoparíase baixo mínimos no noso traballo diario. Pai de alumno, membro do Consello Escolar, Conserxe do Centro e, por enriba de todo, un competente traballador e un excelente compañeiro.

Ao persoal de limpeza: **FELISA e M^a CARMEN**.

A **SILVIA**, por contar connosco para todas as actividades que, dentro das súas competencias, organizou o Concello.

A **ALBA**, que neste duro ano de posta en marcha de moitas actividades e moitos proxectos, desviviuse por organizar todo tipo de actividades para os nosos rapaces.

A todos os **MONITORES** que traballaron connosco durante este curso e que sempre estiveron abertos a calquera suxerencia de mellora. Especialmente a **ADRIÁN** como responsábel directo da organización e supervisión das actividades extraescolares.

Á representante do Concello no Consello Escolar do centro: **ISABEL CASTRO FRAGA**, porque sempre estivo pendente das necesidades do centro, porque estivo connosco en todos dos momentos en que foi convocada, simplemente, grazas por estar ahí.

Aos/ás representantes de pais e nais no noso Consello Escolar: **PILAR, M^a LUZ e ROCÍO M^a** pola súa participación e aportacións nas reunións mantidas ao longo do curso.

A **LUIS JUNCAL** polo seu traballo realizado nas distintas zonas verdes do colexio.

Ás seguintes entidades e empresas:

AO CONCELLO DE CERCEDA pola colaboración prestada ao longo do curso.

Á EMPRESA SONOGAL polo préstamo dunha máquina de fume artificial para poder levar a cabo o Simulacro de Autoprotección Ecolar.

A TODOS OS MEMBROS DO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE ORDES, ao CE 112 , a PROTECCIÓN CIVIL e á POLICIA LOCAL, pola súa presenza e posta en práctica do Simulacro de Evacuación levado a cabo o día 23 de maio, e moi especialmente ao fabuloso equipo do parque comarcal de bombeiros que desviviuse polos nosos chavales na visita didáctica que realizamos ás súas instalacións.

Á CAIXA GALICIA polas deferencias que amosaron todos os seus empregados coa nosa comunidade educativa ao longo do curso.

Ás empresas **ASICASA e REY VARELA** e, especialmente, aos seus condutores así como a **Carlos e Jesús**, respectivamente, pola boa empatía amosada durante todo o curso.

A todas as empresas e entidades colaboradoras que nos axudaron a sacar adiante este renovado xornal.


A todos os pais, nais e demais persoas que, dun xeito ou outro, colaborastes no axeitado funcionamento do noso e voso Centro Educativo.

¡Grazas pola vosa colaboración!

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ
BLÁZQUEZ

17 DE MAIO

DÍA DAS
LETRAS
GALEGAS



Normalización Lingüística 2008